

**ACORDO DO CONSELLO DE GOBERNO DO 23 DE XULLO DE 2007
POLO QUE SE AUTORIZA A ACUMULACION DO PERIODO DE
VACACIONS A DISTINTOS PERMISOS OU LICENZAS**

Considerando que fronte a prevalencia na aplicación da normativa específica reguladora da organización e funcionamento dos centros docentes e as prescricións contidas no calendario escolar, que impedirían o disfrute das vacacións en período lectivo cabe ponderar los principios constitucionais para asegurar a protección social, económica e xurídica da familia, a prohibición de calquera discriminación por razón de sexo no acceso e permanencia no mercado laboral, o favorecemento da igualdade de oportunidades, o dereito á conciliación da vida persoal, familiar e laboral e o fomento dunha maior corresponsabilidade entre mulleres e homes na asunción das obrigas familiares; é polo que o Consello de Goberno adoptou, entre outros os asuntos de profesorado, os seguintes

ACORDOS

- Primeiro:** Autorízase a acumulación do permiso de vacacións ao/s permiso/s ou licenza/s que a continuación se relacionan, sempre que o/s mesmo/s coincida/n co período vacacional (mes de agosto):
- Permiso por parto, adopción ou acollemento.
 - Permiso de paternidade.
 - Licenza por razón de matrimonio.
 - Sustitución do tempo de lactancia por un permiso retribuído que acumule en xornadas completas ao tempo correspondente.

Segundo: O presente acordo substitúe ao da Xunta de Goberno do 17 de outubro de 1996.